



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Convocatoria e bases reguladoras para bolsa de emprego do persoal de mantemento do Concello de Arzúa

ANUNCIO RELATIVO A CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO PERSOAL DE MANTEMENTO DO CONCELLO DE ARZÚA

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 10 de setembro de 2026, acordou aprobar a convocatoria e bases seguintes:

BASES REGULADORAS DA BOLSA DE EMPREGO DO PERSOAL DE MANTEMENTO DO CONCELLO DE ARZÚA// EXPEDIENTE: 2026/E001/000012

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria ten por obxecto constituír unha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal do persoal de mantemento do concello, excluídas as interinidades por vacantes, a fin de garantir o adecuado funcionamento do servizo; ou ben, para as substitucións de dito persoal, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- CONCESIÓN DE LICENZAS
- USO DO PERÍODO DE VACACIÓNS
- CONCESIÓN DE PERMISOS
- SITUACIÓNS DE EXCEDENCIAS
- SITUACIÓNS DE BAIXA LABORAL.

A través desta convocatoria preténdese seleccionar ao persoal que integrará esta bolsa de emprego, así como regular a cobertura dos postos ofertados cando concorran algunha das causas sinaladas no parágrafo anterior.

Elaboraranse lista de reserva distintas en función dos distintos postos de traballo ofertados, segundo o disposto na base cuarta.

Porén, cando se trate de persoal contratado ao abeiro de proxectos, programas, ou subvencións outorgadas por outras administracións ou organismos públicos, estarase ao disposto nas normas específicas de que se trate. Nestes casos só será posible realizar a contratación a través da bolsa de emprego cando se respecten as disposicións aplicables, e non se contemplen sistemas de selección específicos, ou a necesidade de que a cobertura dos postos se realice a través dos servizos públicos de emprego.

Non se procederá á contratación de persoal laboral temporal do servizo de mantemento do concello ao marxe da bolsa de traballo para o exercicio de funcións correspondentes aos postos convocados, agás nos supostos contemplados no parágrafo anterior.

SEGUNDA. PUBLICIDADE.

O anuncio desta convocatoria xunto coas bases de selección publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO.

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou en aquilo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións, así como no resto de disposicións que resulten aplicables.

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;
- Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público;
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local;

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local;

- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Estas contratacións realizaranse en calquera das modalidades previstas ao abeiro da normativa contida no artigo 15.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Aos traballadores que resulten contratados a través desta bolsa de emprego seranlles de aplicación as previsións que establece o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (no que lle resulten aplicables); así como o Convenio Colectivo de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Arzúa (BOP núm.228 do 27 de novembro de 2014).

CUARTA. POSTOS DE TRABAJO OFERTADOS E FUNCÍONS.

Esta convocatoria contempla de modo xenérico os postos de traballo correspondentes ás denominacións, funcións e requisitos recollidos na Relación de Postos de Traballo (RPT) deste concello.

DENOMINACIÓN DO POSTO: Operario-tractorista

TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA: Estudos primarios

REQUISITOS ESPECÍFICOS: Permiso de condución clase C

FUNCÍONS:

- realizar as tarefas de desbroce de pistas e zonas verdes
- facer a limpeza e mantemento básico do tractor
- facer as función de condutor do camiión de lixo cando se lle solicite
- colaboración cos operarios de obras na realización das súas tarefas (albanelería, xardinería, pintura, fontanería, electricidade, etc.)
- axuda a outras actividades (montaxe de carpas, preparación para eventos ou feiras)
- calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

DENOMINACIÓN DO POSTO: Condutor-operario

TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA: Estudos primarios

REQUISITOS ESPECÍFICOS: Permiso de condución clase C

FUNCÍONS:

- condución do camiión destinado á recollida do lixo (facer ruta e descarga na planta)
- facer a limpeza e mantemento básico do camiión
- condución de calquera outro vehículo municipal que se lle solicite
- colaboración cos operarios de obras na realización das súas tarefas (albanelería, xardinería, pintura, fontanería, electricidade, etc.)
- axuda a outras actividades (montaxe de carpas, preparación para eventos ou feiras)
- calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

DENOMINACIÓN DO POSTO: oficial 1ª

TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA: Estudos primarios

REQUISITOS ESPECÍFICOS: Permiso de condución clase B

FUNCÍONS:

- labores de mantemento das instalacións municipais (albanelería, carpintería, fontanería e electricidade)
- colaboración cos operarios de obras na realización das súas tarefas (albanelería, xardinería, pintura, fontanería, electricidade, etc.)
- axuda a outras actividades (montaxe de carpas, preparación para eventos ou feiras)
- calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

DENOMINACIÓN DO POSTO: Operario de servizos varios

TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA: Estudos primarios

REQUISITOS ESPECÍFICOS: Permiso de condución clase B

FUNCIÓNS:

- labores de mantemento das instalacións municipais (albanelería, carpintería, fontanería e electricidade)
- mantemento do mobiliario urbano
- obras de canalización no municipio
- manter nas debidas condicións as rúas do municipio
- recollida de lixo
- desbroce e limpeza de camiños
- bacheado de estradas e pistas, extensión de zahorra, etc.
- calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

QUINTA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para poder ser admitidos na bolsa de emprego, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Posuír a titulación requirida para desempeñar o posto de traballo ao que opta. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá xustificarse a habilitación mediante un documento que acredite de modo fidedigno a súa homologación.
- c) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Posuír os permisos de condución establecidos para cada posto.

SEXTA. SOLICITUDES.

As persoas que desexen formar parte da bolsa de emprego deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Alcalde-Presidente do concello, cuxo modelo se atopa recollido no Anexo I, que será facilitada aos interesados no rexistro xeral e na páxina web do concello. Os aspirantes deberán presentar unha instancia por cada un dos postos de traballo solicitados.

Xunto coa instancia achegaranse orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- documento nacional de identidade ou equivalente
- certificado de estudos primarios ou equivalente
- permiso de condución da clase que corresponda segundo o posto de que se trate
- no seu caso, CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

A presentación de solicitudes realizarase por calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Nos supostos previstos nos apartados b), c) d) e e) do artigo 16.4, os aspirantes deberán comunicalo ao concello mediante telegrama ou telefax (981 500 914) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

SÉTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, dictarase resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicaráse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Arzúa e na páxina web.

A resolución pola que se aproba lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

No caso de habelos, os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación da devandita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/15.

Posteriormente elaborárase unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que será igualmente exposta no Taboleiro de Anuncios e na páxina web. Nesta resolución indicárase tamén cal será a data, lugar e hora na que se haberá de levar a cabo a proba teórica á que se refire o apartado a) da base novena; así como a composición do tribunal de selección.

OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará composto por un presidente, tres vocais e un secretario. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, debendo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, que colaborarán co órgano de selección unicamente no exercicio das súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector público. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando polas citadas circunstancias.

NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O procedemento de selección é o de oposición libre que comprenderá as seguintes probas: a) proba teórica e b) proba práctica, e c) proba de acreditación de coñecemento do galego.

a) **Proba teórica:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal de selección.

O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presenza dos/as opositores/as, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

A proba consistirá en realizar un exame tipo test no que haberá que responder a un cuestionario de 20 preguntas sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo II segundo a denominación do posto de que se trate.

Cada pregunta formularase con tres respostas alternativas, das que solo unha será correcta.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

Cada resposta correcta valorarase con 1 punto. Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos. As respostas en branco non puntuarán.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 10 puntos.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos test, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba práctica.

b) **Proba práctica:** De carácter obrigatorio e eliminatorio, que realizarán só aqueles aspirantes que acaden a puntuación mínima de 10 puntos esixida para superar a proba teórica.

Os aspirantes seleccionados deberán presentarse para a realización da proba provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal de selección, e seguirase coma orde de actuación o das respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa.

O exercicio práctico consistirá en executar unha proba que será plantexada polo tribunal, relacionada coas funcións a desenvolver segundo o tipo de posto.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 15 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos.

O tribunal deberá dar a coñecer aos aspirantes os criterios de valoración que utilice para establecer a puntuación das probas prácticas con carácter previo á súa realización.

As cualificacións da proba práctica obteranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal con dereito a voto e dividindo a puntuación total resultante entre o número de membros do tribunal con dereito a voto.

Para superar a proba practica será necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

c) **Proba de coñecemento da lingua galega:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego de 5 frases propostas polo Tribunal durante un tempo máximo de 15 minutos e sen axuda do dicionario.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida na proba teórica e na proba práctica. En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que que obtivese maior puntuación na proba práctica, e de persistir o empate, en favor de que obtivese maior puntuación na proba teórica; e, de seguir o empate, o mesmo dirimirase mediante sorteo.

Os aspirantes serán convocados para cada un destes exercicios en único chamamento, a publicidade realizarase mediante a inserción de anuncios no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa, sendo excluídos os non presentados.

DÉCIMA. INCIDENCIAS.

O tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento deste procedemento de selección en todo o non previsto nas presentes Bases.

DÉCIMO PRIMEIRA. APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

Sumadas as puntuacións totais obtidas polos aspirantes, o tribunal confeccionará a bolsa de emprego cos aspirantes que superen o proceso selectivo respecto do posto de traballo de que se trate, por orde de maior a menor puntuación.

Por Decreto da Alcaldía aprobarase a bolsa de emprego quedando constituída aos efectos das correspondentes contratacións temporais nos postos aos que se refire a convocatoria. Dita aprobación publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA DA BOLSA.

A bolsa de emprego terá unha duración de CINCO (5) anos a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

DÉCIMO TERCEIRA. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

A contratación do persoal efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego para cada posto de traballo.

Cando se deba proceder á contratación temporal ofertaráselle o posto de traballo ao primeiro aspirante da lista. A oferta realizada deberá serlle comunicada por calquera medio que garante ter constancia da mesma. Faranse ata tres intentos de localización nun espazo de 24 horas.

Os aspirantes que non tiveran sido localizados nese prazo permanecerán no posto que ocupen na lista á espera dun novo chamamento, efectuándose o chamamento ao seguinte candidato da lista.

Unha vez localizado o/a candidato/a daráselle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao posto ofertado. De non ter noticias do aspirante nese prazo sobreenténdese que renuncia ao posto podendo efectuarse o chamamento ao seguinte candidato da lista.

Os/as integrantes das listas que ao seren convocados/as para facer efectiva a súa contratación non se presentasen ou renunciases a esta, perderán os seus dereitos e quedarán excluídos das listas. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo. Ditas circunstancias faranse constar na bolsa de emprego.

Esta sanción non será aplicable sempre que concorra causa xustificada, acreditada documentalmente, en cuxo caso pasará á situación de indispoñible, ata que comunique ao Concello que a causa desapareceu. Enténdese por causa xustificada:

- atoparse traballando
- períodos de embarazo, maternidade ou situacións asimiladas

- situación de incapacidade temporal
- enfermidade grave que impida asistencia ao traballo
- causa de forza maior que sexa apreciada con tal carácter

Os/as integrantes das listas non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ata prestar servizos no concello durante un mínimo de seis meses contados desde a posta en funcionamento da bolsa, de xeito que se a contratación para a que son chamados ten unha duración inferior retornarán ao posto que tiñan anteriormente.

Rematada a contratación e traballados polo menos seis meses nun período dun ano, o interesado pasará a ocupar o último lugar na lista.

DÉCIMO CUARTA. SITUACIÓN NA BOLSA DE EMPREGO.

A situación na bolsa de emprego poderase consultar en calquera momento nas oficinas do Concello e na páxina web.

- Dispoñible: á espera de ser chamado para unha contratación de carácter temporal.
- En activo: prestando servizos neste concello dentro do ámbito de aplicación destas bases.

O/A candidato/a que se atope nesta situación poderá recibir ofertas doutras listas incluídas dentro desta bolsa de emprego sempre supoñan unha mellora, e que o/a candidato/a tivera superado o proceso de selección relativo ás mesmas. Tamén poderá recibir outras ofertas da mesma lista cando a súa previsión temporal mínima sexa superior ao posto que estivera desempeñando.

- Indispoñible: quen acredite por escrito atoparse nalguna das seguintes situacións
 - atoparse traballando
 - períodos de embarazo, maternidade ou situacións asimiladas
 - situación de incapacidade temporal
 - enfermidade grave que impida asistencia ao traballo

No caso de non ter acreditado por escrito ditas circunstancias o/a candidato/a pasará a situación de “excluído/a” aplicándose o disposto para estes casos.

Asemade, unha vez rematada a causa que motive a situación de indispoñibilidade a persoa interesada deberá poñelo en coñecemento do concello no prazo de sete días, achegando a documentación que resulte necesaria, no seu caso. Mentres non realice dita comunicación permanecerá na situación de “excluído/a” a todos os efectos.

- Excluído/a: pasarán a esta situación nos seguintes casos
 - solicitude voluntaria por parte da persoa interesada
 - rexeitamento dun chamamento ou renuncia dunha contratación sen causa xustificada
 - incapacidade permanente
 - xubilación
 - inhabilitación para o exercicio de funcións públicas
 - incorrer en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo da administración pública
 - informe desfavorable por parte do encargado do servizo baseado nunha causa xustificada (baixo rendemento, faltas de puntualidade reiteradas e inxustificadas, faltas de asistencia reiteradas e inxustificadas, e similares)
 - perda de algún dos requisitos legais esixibles

DECIMO QUINTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Previamente á sinatura do correspondente contrato, os/as candidatos/as seleccionados/as deberán achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncios, a seguinte documentación:

- 1.- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a; sen prexuízo dun posterior recoñecemento.
- 2.- Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- 3.- Declaración expresa de no estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

DECIMO SEXTA.- RECURSOS.

As presentes bases poderán ser impugnadas con carácter potestativo polos interesados mediante a interposición de recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP; ou ben directamente, mediante recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP.

Os/as interesados/as poderán interpoñer tamén calquera outro recurso que estimen procedente.

ANEXO I**Modelo de solicitude**

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____ con nº de teléfono _____ / _____ / _____ e correo electrónico _____ declaro coñecer e aceptar as bases publicadas no BOP da Coruña nº de data / / para participar no proceso de selección para formar parte da bolsa de emprego do persoal de mantemento do Concello de Arzúa, na modalidade de: (sinale con unha cruz a correcta):

- ☐ Operario tractorista.
☐ Condutor operario.
☐ Oficial de 1ª.
☐ Operario de servizos varios.

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resultado/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección acompañando á presente solicitude orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.
b) certificado de estudos primarios ou equivalente.
c) permiso de condución clase C, ou, no seu caso, da clase B.
d) No seu caso, o documento acreditativo de posuir o CELGA-2.

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO II: Temarios

DENOMINACIÓN DO POSTO: Operario-tractorista

Tema 1.- Organización municipal: Pleno, Xunta de goberno local e Alcaldía. Funcións. Competencias municipais.

Tema 2.- Coñecemento do Concello de Arzúa: xeografía, parroquias, rúas, edificios públicos.

Tema 3.- Normas básicas de seguridade e saúde. Prevención de riscos laborais.

Tema 4.- Sinalización vial en traballos de desbroce de cunetas.

Tema 5.- Seguridade en tractores e máquinas agrícolas e forestais. Uso e mantemento de desbrozadoras e trituradoras.

DENOMINACIÓN DO POSTO: Conductor-operario

Tema 1.- Organización municipal: Pleno, Xunta de goberno local e Alcaldía. Funcións. Competencias municipais.

Tema 2.- Coñecemento do Concello de Arzúa: xeografía, parroquias, rúas, edificios públicos.

Tema 3.- Normas básicas de seguridade e saúde. Prevención de riscos laborais.

Tema 4.- Mecánica básica do auto móbil. Chasis e carrocería. Motores e funcionamento. Electricidade. Batería. Dispositivos eléctricos, hidráulicos e neumáticos. Mantemento de vehículos.

Tema 5.- Os residuos sólidos. Concepto e clases. Recollida selectiva de residuos sólidos urbanos.

DENOMINACIÓN DO POSTO: oficial 1ª

Tema 1.- Organización municipal: Pleno, Xunta de goberno local e Alcaldía. Funcións. Competencias municipais.

Tema 2.- Coñecemento do Concello: xeografía, parroquias, rúas, edificios públicos.

Tema 3.- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. Prevención de riscos laborais.

Tema 4.- Nacións básicas de mantemento e reparación de edificios, instalacións, espazos e vías públicas.

Tema 5.- Descrición, utilidade e manexo das ferramentas e útiles máis comúns para o desenvolvemento das funcións propias do posto de oficial 1ª.

DENOMINACIÓN DO POSTO: Operario de servizos varios

Tema 1.- Organización municipal: Pleno, Xunta de goberno local e Alcaldía. Funcións. Competencias municipais.

Tema 2.- Coñecemento do Concello: xeografía, parroquias, rúas, edificios públicos.

Tema 3.- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. Prevención de riscos laborais.

Tema 4.- Descrición, utilidade e manexo das ferramentas e útiles máis comúns para o desenvolvemento das funcións propias do posto de operario de servizos varios.

Tema 5.- Residuos e a súa clasificación: urbanos, industriais, sanitarios, agrícolas e gandeiros.”

Arzúa, a 16 de setembro de 2026.

O alcalde

Asdo.Xoán Xesús Carril Ramos

2026/6047